

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

1. BASE LEXISLATIVA:

-ORDE do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

-ORDE do 25 de xaneiro do 2022, pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL:

Ao comezo de cada curso escolar, cada profesor deberá realizar unha AVALIACIÓN INICIAL coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias, será o punto de referencia para realizar a programación de aula e adoptar as medidas ordinarias e extraordinarias con cada alumno e alumna.

SESIÓNS DE AVALIACIÓN:

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse para cada grupo de alumnos e alumnas TRES SESIÓNS DE AVALIACIÓN (ADEMAIS DA SESIÓN DE AVALIACIÓN INICIAL) que serán presididas pola persoa titora, que recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e as decisións e os acordos acadados, tanto referidas ao grupo como a cada alumna e alumno.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

- A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

- Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación. Para a avaliación e promoción do alumnado con adaptacións curriculares significativas teranse en conta os criterios de avaliación establecidos nelas.

AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE.

- En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) Clima de traballo na aula.
- e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

SESIÓNS DE AVALIACIÓN:

- As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no grupo e contará co asesoramento do departamento de orientación.

- Nestas sesións valorarase o desenvolvemento xeral do alumnado, a súa aprendizaxe, a práctica docente do profesorado e aquelas circunstancias cuxa incidencia no proceso de ensino

aprendizaxe consideréñse relevantes, así como as medidas que se deban adoptar e os acordos acadados.

INFORMES INDIVIDUAIS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRE:

Despois de cada sesión de avaliación, cada titor solicitará á secretaría do centro a impresión dos informes individuais de avaliación e da acta de avaliación coas cualificacións da súa titoría.

O profesor/a tito/ar faralles chegar a cada unha das familias o informe individual de avaliación coas cualificacións do seu fillo/a. O centro pode decidir que as familias reciban estes informes a través da aplicación abalarMóbil.

ACTAS DE AVALIACIÓN.

A acta de avaliación coas cualificacións de todo o alumnado da titoría e a acta da sesión de avaliación gardarase nos arquivos da xefatura de estudos do centro

RESULTADOS DA AVALIACIÓN:

Na **educación infantil**, a valoración do proceso de aprendizaxe exprésase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polo alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Establécense uns indicadores de cada área que serán avaliados en cada unha das avaliacións cos termos seguintes:

- con dificultade,
- en proceso e
- sen dificultade.

Na **educación primaria**, a valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos numéricos. Os resultados da avaliación expresaranse nos seguintes termos:

- insuficiente (IN),
- suficiente (SU),
- ben (BE),
- notable (NT) e
- sobresaliente (SB),

tendo en conta a súa correspondente cualificación numérica:

- Insuficiente: 1, 2, 3 e 4
- Suficiente: 5

- Ben: 6
- Notable: 7 e 8
- Sobresaliente: 9 e 10

Considérase cualificación negativa o insuficiente e positiva as restantes.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será o promedio aritmético das cualificacións obtidas, aproximando á **centésima** máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

No caso da **EDUCACIÓN ARTÍSTICA**, só se fará media no caso de que nas dúas asignaturas que compoñen a materia (Música e Plástica) a nota sexa superior a un 5. Si nalgunha das dúas materias o alumnado ten unha nota inferior a un 5, a asignatura de Educación Artística estará suspensa.

DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Todo o proceso de avaliación estará informatizado a través do programa XADE.

-Cada un dos profesores será o encargado de avaliar a materia que imparte.

- O profesor titor será o encargado de elaborar os seguintes informes referidos ao alumnado da súa titoría:

- **Informe individual ás familias:** reflicte as cualificacións de cada un dos alumnos/as en cada sesión de avaliación.
- **Actas de avaliación:** reflictirán as cualificacións de todo o alumnado dunha titoría despois de cada sesión de avaliación e en especial ao remate de cada curso.
- **Expediente académico:** documento de avaliación individual do alumnado que incluírá os datos identificativos do centro, da alumna ou alumno e a información

relativa á súa escolarización. Nel quedará constancia dos resultados da avaliación das áreas de cada un dos tres ciclos da educación primaria.

- **Historial académico de educación primaria:** é o documento oficial que reflicte os resultados das avaliacións e as decisións relativas ao progreso académico da alumna ou alumno ao longo da etapa.
- **Informe persoal por traslado:** é un documento oficial que ten como finalidade garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe ao alumnado que se trasladea outro centro sen ter rematado o ciclo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

O alumnado deberá ser avaliado aplicando os criterios de cualificación, establecidos polos equipos docentes do centro, os cales están reflectidos nas programacións didácticas.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, na súa reunión do 22 de marzo de 2022, establece os seguintes criterios de cualificación cuxo resultado

queda reflectido na seguinte táboa.

| | PROBAS: | TRABALLO DIARIO: | ACTITUDE: |
|------------------------------------|---|--|--|
| | - Escritas - Oraís - ... | - Libro, - libreta, - fichas, - intervención orais, - lecturas, - traballos, - ... | VALORARASE O ESFORZO, ACTITUDE E PROGRESO NO EIDO ACADÉMICO. |
| 1º EP | 60% | 20% | 20% |
| 2º EP | 60% | 20% | 20% |
| 3º EP | 60% | 20% | 20% |
| 4º EP | 80% | 10% | 10% |
| 5º EP | 80% | 10% | 10% |
| 6º EP | 80% | 10% | 10% |
| ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA | <ol style="list-style-type: none">1. As asignaturas que forman a área, MÚSICA e PLÁSTICA, quedarán reflectidas no boletín de notas coa nota correspondente a cada unha.2. A nota da área (Educación Artística) será a nota media de ambas, sempre e cando a nota en ambas asignaturas sexa igual ou superior a 5.3. Se nunha das dúas asignaturas a nota é inferior a 5, non se fará nota media e a avaliación da área será INSUFICIENTE.4. As mestras de Plástica e Música proporcionarán a nota media ás titoras/es. | | |

2.11. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

- A comisión de coordinación pedagóxica do centro, oídos os equipos docentes de educación infantil e educación primaria, estableceu os criterios de promoción, que foron levados a aprobación ao claustro de profesores/as.

- Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do

grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e terá especialmente peso o criterio do profesorado tutor. No caso de desacordo poderá realizarse unha votación

- O alumnado accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

- Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso.

- Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio. Esta repetición levarase a cabo podendo ser no último curso da etapa. A promoción de 1º,3º e 5º será automática

- A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

- O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

- 1. Decidirase sobre a promoción ao finalizar 2º,4º e 6º de Educación Primaria..**
- 2. Poderase tomar a decisión de non promoción unha soa vez ao longo de todo o ensino obrigatorio, una en Primaria e outra en Secundaria.**
- 3. A decisión de promoción tómaa o equipo docente de forma colexiada na sesión de avaliación final.**
- 4. O equipo docente terá en especial consideración a información e criterio do tutor/a. No caso de desacordo poderáse realizar unha votación**
- 5. Os pais (nai/pai/titor legal) serán informados en sesións de tutoría convocadas antes da sesión de avaliación para informar da posibilidade de non promoción e despois da sesión de avaliación antes da entrega das notas ao alumno/a. Dita comunicación deberá quedar debidamente rexistrada por escrito (acta da reunión, notificación por abalar...)**
- 6. A decisión de non promoción irá acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.**
- 7. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado**
- 8. Promociona se:**
 - Logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa,**
 - Alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.**
- 9. Ao remate de 2º e 4º realizarase un informe final individualizado do alumnado. Ao remate da etapa, 6º, realizarase un informe final o máis preciso posible para enviar ao instituto con indicación, se fose o caso, do alumnado con ACS.**

10. **No caso de alumnado repetidor promocionará “por imperativo legal”.**
11. **O alumnado que promocioe con áreas suspensas desenvolverá un plan específico de recuperación.**
12. **Cada caso será estudiado de xeito individualizado tendo en conta as capacidades do alumno, o esforzo realizado e o contexto particular no que se desenvolveu o curso.**

3. DEREITO DO ALUMNADO A OBXECTIVIDADE NA EVALUACIÓN.

DESENVOLVEMENTO DO DEREITO DO ALUMNADO Á OBXECTIVIDADE:

Co fin de garantir o **dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva** e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade:

- Os procedementos e os criterios de cualificación e promoción serán establecidos pola CCP e o equipo docente reunido en Claustro.
- A dirección do centro responsabilizarase de que esta información sexa accesible para toda a comunidade educativa publicándoa no apartado correspondente da páxina web do centro.
- O profesorado, ao comezo de cada do curso, informará ao alumnado e ás súas respectivas familias, nas reunión de aula e/ou na súa aula virtual, sobre:
 - obxectivos,
 - contidos,
 - procedementos,
 - instrumentos,
 - criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas,
 - procedementos de recuperación e de apoio previstos
 - criterios de promoción.
- A persoa titora e o profesorado das distintas áreas e apoio, manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado e as familias.
 - Esta comunicación desenvolverase a través das titorías ás familias.
 - As sesións de titoría coas familias desenvolveranse de xeito xeral, a través da persoa titora, que recollerá e trasladará á familia toda a información pertinente sobre o proceso de aprendizaxe.
 - Á petición da familia ou do profesorado de área ou apoio poderán realizarse titorías específicas para informar sobre o proceso de aprendizaxe nunha área ou materia específica.
 - A persoa titora e o profesorado de área ou apoio informaranse un ao outro da celebración da titoría e trasladaranse a información pertinente, se a houbera.
 - Se no transcurso das titorías xurdiran temas que superasen as competencias da persoa titora ou do profesorado de área ou apoio, ou cuia pertinencia e importancia así o requira, informarase dos mesmos a quen competa: xefatura de estudos,

orientación ou dirección.

- O procedemento de solicitude de titorías será recollido neste documento e divulgado cada inicio de curso na assemblea xeral anual e/ou reunión de aula e publicado na páxina web do centro.
 - Todo o profesorado contará no seu horario cunha hora semanal adicada á titoría coas familias na que terá o dereito e a obriga de estar dispoñible para as mesmas.
- As familias poderán solicitar aclaracións á persoa titora e/ou ao profesorado especialista de calquera das áreas e de apoio (mediante a titoría) acerca de:
- informacións sobre o seu proceso de aprendizaxe,
 - procedementos de revisión de cualificacións e
 - decisións sobre a promoción.